# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15024902 | CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez | A Coruña | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Educación plástica e visual | 3º Pri. | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 18 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 19 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 20 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 20 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 21 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 22 |
| 7.2. Actividades complementarias | 22 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 23 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 24 |
| 9. Outros apartados | 24 |

## 1. Introdución

Na nosa sociedade a Educacion artistica e de especial importancia, xa que o tratamento da informacion visual e musical na vida cotia xera e precisa capacidades de pensamento critico. A educacion artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinacion, da autonomia, a percepcion, a motricidade, a sensibilidade estetica, a expresion persoal, a capacidade comunicativa e a socializacion.
Aproveitarase esta área para a conexión natural coas outras áreas curriculares, sendo peza clave no traballo da transversalidade. As actividades potenciarán no alumnado a interpretación e a análise crítica, para facelos conscientes de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa. Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle tamén importancia a produción de obras ou traballos por parte do alumnado, para que sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.
O C.E.I.P. Wenceslao Fernández Flórez é un centro de Educación Infantil e Primaria público, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Está situado no Barrio da Estación, un dos barrios limítrofes da cidade nunha zona na que a maior parte da poboación é de clase media-baixa. O barrio medrou substancialmente nos últimos anos por mor da chegada de inmigrantes de procedencia nacional e estranxeira. O Centro consta de 13 unidades de Educación Primaria e 6 de Educación Infantil. O 3º curso conta 2 grupos con 25 alumnos/as, atendidos por dúas mestras titoras, e polos correspondentes especialistas: Música, Educación Física, Inglés, PT e AL, os dous últimos dedicando o seu traballo á atención do alumnado con necesidades educativas especiais, xa que neste nivel atópanse varios casos de alumnos con con necesidade de apoio.
No Proxecto de Plurilingüismo do noso centro iniciado no curso 2019-20 eleximos como materia CLIL a Educación Artística: Música en Educación Infantil, 1º e 2º de Educación Primaria, e Plástica en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Deste xeito tratamos de axudar á adquisición do obxectivo do Consello da Unión Europea que, xa en 1995, estableceu que todos os cidadáns da Unión Europea deberían ser quen de falar dúas linguas ademais da propia unha vez terminados os estudos obrigatorios. Segundo isto, a Comisión Europea declarou en 2003 que a aprendizaxes CLIL (Content and Language Integrated Learning), na cal os alumnos estudan unha materia a través dunha lingua estranxeira, teñen unha maior contribución para alcanzar os obxectivos lingüísticos da Unión.
Os beneficios atribuídos aos programas CLIL son diversos, pero condénsanse nos catro seguintes:
a) Promoción da diversidade lingüística: o ideal europeo pretende fomentar o multilingüismo e o multiculturalismo entre a cidadanía europea.
b) Mellora da competencia na lingua estranxeira: existe un descontento xeneralizado en relación co nivel de competencia logrado á finalización do ensino obrigatorio.
c) Impulso á aprendizaxe lingüística en xeral: tómase como punto de partida a idea de que a metodoloxía CLIL redundará nunha maior competencia en todas as linguas presentes no currículo.
d) Internacionalización da educación: o uso das linguas estranxeiras como medio de instrución preséntase como estímulo e acicate á hora de que os estudantes participen máis activamente nos distintos programas de mobilidade postos en marcha desde as institucións europeas.
Ademais, no deseño desta programación terase en conta e traballarase en coordinación cos titores/as do nivel, así como co resto do profesorado, non só para recabar información pertinente sobre o alumnado e familias que facilite o proceso ensino-aprendizaxe, senón tamén para realizar proxectos de traballo globalizados e transversais, entre áreas e co resto do centro.
Teremos tamén en conta que a programación vai dirixida a alumnado coas seguintes características, propias da súa idade:
 Gústalles aprender mentres realizan actividades lúdicas?.
 Mostran con facilidade a súa creatividade e imaxinación.?
Resulta doado esperta-la súa curiosidade?.
 Gústalles expresa-lo que senten?.
Mostran incapacidade para organizar e analizar a súa propia aprendizaxe?.
Son conscientes das vantaxes de traballar de forma cooperativa na clase?.
 Non precisan enteder tódalas palabras dun texto (oral ou escrito) para comprendelo?.
Tampouco esqueceremos a multiculturalidade do noso alumnado e a diversidade do mesmo en canto a condición social, económica, relixiosa, así como a diversidade no que a capacidades e necesidades se refire.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | | 3 | | 1-2 |
| OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | 1 | | 2 | 5 | 2 | 1 | 3-4 |
| OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

**Descrición:**

## 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Tipos de liña | Esta UD inicia as bases para este curso e extenderase durante todo o curso: a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. | 10 | 8 | X | X | X |
| 2 | Wassily Kandinsky. | Esta UD inicia ao alumnado na v obra de Wassily Kandinsky. . O traballo en grupo e grande grupo será predominante, | 10 | 4 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Wassily Kandinsky. | procurando unha participación activa. Así mesmo traballarase unha manualidade de xeito individual. | 10 | 4 | X | | |
| 3 | As cores | Diferencia entres cores frías e cálidas.<br>Percepción das cores da natureza aplicada ás súas creacións.<br>Utilización de diferenctes técnicas plásticas e materiais. | 10 | 9 | X | X | X |
| 4 | Máscaras | Descubrir características elementais de manifestacións culturais e artísticas: Máscaras.<br>Aplicacuón das fases do proceso creativo. | 20 | 4 | | X | |
| 5 | Creatividade | Aplicación prácitca individual e/ou colectiva dos contidos traballados. Creacións de obras plásticas nas que incorporan a súa creatividade.<br>As conmemoracións cobrarán especial relevancia, así como outros proxectos artísticos que poidan xurdir ao longo do curso. | 50 | 10 | X | X | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Tipos de liña | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Mostra curiosidade por coñecer propostas artísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas | TI | 100 |
| CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Diferencia e Identifica conceptos : liña recta e curva, horizontal, vertical, paralela e oblicua. | | |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento así como as produccións propias e alleas. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Traza diferentes tipos de liñas axudándose de modelos e da regra. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa de xeito guiado en actividades plásticas grupais respectando as ideas  e traballo dos demáis | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Coida os materiais e recursos da clase, segue as normas e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Mostra interese, interpreta a información que ofrecen as imaxes e comunica as sensacións que lle producen. | | |
| CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Identifica diferenzas e similitudes entre diferentes manifestacións culturais e artísticas. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta interese polo uso das TIC na súa aprendizaxe. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras propias utilizando diferentes tipos de liña e figuras xeométricas. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa de xeito guiado na planificación e execución de actividades cooperativas respectando aos demáis. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora o resultado da correcta utilización dos instrumentos de traballo- | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de recepción activa.<br>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.<br>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.<br>- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. |

| Contidos |
| --- |
| - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.<br>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.<br>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.<br>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.<br>- Estratexias de recepción activa.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.<br>- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.<br>- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | Wassily Kandinsky. | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Recoñece obras de Yayoi Kusama pertencentes a diferentes xéneros. | TI | 100 |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Busca, de forma guiada, información sobre a obra de Yayoi Kusama | | |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento así como as produccións propias e alleas. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Reproduce patróns similares aos utilizados por Kusama nas súas creacións. | | |
| CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa de xeito guiado en actividades plásticas grupais respectando as ideas e traballo dos demáis | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Coida os materiais e recursos da clase, segue as normas e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Recoñece propostas artísticas audiovisuais de Yayoi Kusama | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta interese polo uso das TIC na súa aprendizaxe. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Elabora dunha cabaza de cartolina decorada con patróns inspirados nas obras de Kusama | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Traza e recorta círculos para aportar á instalación colaborativa "Obliteration Room" do noso centro | | |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Reflexiona sobre o resultado final da actividade colaborativa realizada no corredor do centro. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora o resultado da correcta utilización dos instrumentos de traballo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de recepción activa.<br>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.<br>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.<br>- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.<br>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.<br>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.<br>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.<br>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.<br>- Estratexias de recepción activa.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. |

| Contidos |
|---|
| - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | As cores | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Recoñecer a simboloxía das cores frías e cálidas aplicando ditos coñecementos ás súas composicións artísticas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas. | Identificar a simboloxía das cores en manifestacións artísticas e culturais. | | |
| CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Identifica e compara texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles. | | |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento así como as produccións propias e alleas. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Realiza composicións plásticas con dierentes técnicas partindo de contidos xa traballados | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Utiliza a cor e as diferentes técnicas para expresar ideas, sentimentos e emocións. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Participa en producións artísticas grupais aportando ideas e respectando as dos demáis. | | |
| CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Iníciase na explicación do proceso creativo das súas obras. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Coida os materiais e recursos da clase, segue as normas e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Expresa de forma oral as propias ideas e emocións suxeridas pola observación da obra artística | | |
| CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Identifica a simboloxía das cores en producións audivisuais. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta interese polo uso das TIC na súa aprendizaxe. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce , de xeito guiado, obras propias utilizando as TIC. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Utiliza linguaxes e instrumentos diferentes nas súas producións. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Mostra interese en participar en actividades cooperativas nas que se usan as TIC | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora o resultado da correcta utilización dos instrumentos de traballo | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de recepción activa.<br>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.<br>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.<br>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. |

| Contidos |
|---|
| - Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.<br>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.<br>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.<br>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.<br>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.<br>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.<br>- Estratexias de recepción activa.<br>- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.<br>- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.<br>- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Máscaras | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Mostra curiosidade por coñecer propostas artísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas. | Mostra interese por descubrir as características de máscaras de diferentes culturas | | |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Aplica, de xeito guiado, extratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas. | | |
| CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Identifica e compara elementos característicos básicos de distintos tipos de máscaras. | | |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta as normas de comportamento así como as produccións propias e alleas. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Realiza unha máscara utilizando diferentes técnicas coñecidas e traballadas previamente. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Experimenta coa expresión das emocións na elaboración da súa máscara | | |
| CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa de xeito guiado en actividades plásticas grupais respectando as ideas e traballo dos demáis | | |
| CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Iníciase na explicación do proceso creativo das súas obras. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Coida os materiais e recursos da clase, segue as normas e mostra unha actitude positiva. | | |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Mostra curiosidade por propostas artísitca audiovisuais de diferentes culturas. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Utiliza as TIC, de xeito guiado, para a busca de información sobre máscaras de diferentes culturas. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta interese polo uso das TIC na súa aprendizaxe. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras propias utilizando diferentes medios dixitais para inspirarse. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa de forma guiada en producións cooperativas mostrando o resultado final dos seus traballos. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora o resultado da correcta utilización dos instrumentos de traballo | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de recepción activa.<br>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.<br>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.<br>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.<br>- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.<br>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. |

| Contidos |
|---|
| - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. |
| - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. |
| - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. |
| - Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. |
| - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo |
| - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. |
| - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. |
| - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais. |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. |
| - Estratexias de recepción activa. |
| - Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado. |
| - Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. |
| - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. |
| - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. |
| - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. |
| - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. |
| - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Creatividade | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Mostra interese por recoñecer as características básicas dos diferentes xéneros e estilos traballados na aula. | TI | 100 |
| CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Compara obras de diferentes manifierstacións culturas identificando similitudes e diferenzas básicas. | | |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Participa con actitude positiva e amosa interese polas actividades propostas. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Produce obras variadas utilizando diferentes técnicas e materiais. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recurso. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Participa de forma creativa en producións artísticas colaborativas. | | |
| CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Iníciase no uso vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Respecta as normas de comportamento e aos demáis | | |
| CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Expresa de forma oral as propias ideas e emocións suxeridas pola observación da obra artística | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Utiliza as TIC, de xeito guiado, para buscar información sobre diferentes manifestacións artísticas e inspirar as súas creacións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Compara fotografías, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexiona sobre as sensacións de lle producen. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta interese polo uso das TIC na súa aprendizaxe. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Utiliza a fotografía nas súas producións artísiticas. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Utiliza a fotografía para expresar diferentes sentimentos e emocións. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Mostra interese en participar en actividades cooperativas audiovisuais. | | |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Participa de forma guiada en producións cooperativas mostrando o resultado final dos seus traballos. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora o resultado da correcta utilización dos instrumentos de traballo | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias de recepción activa.<br>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.<br>- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.<br>- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.<br>- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.<br>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. |

| Contidos |
|---|
| - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.<br>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.<br>- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.<br>- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.<br>- Estratexias de recepción activa.<br>- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.<br>- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.<br>- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.<br>- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.<br>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Abordarase a área dun xeito transversal para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura visual.
Darémoslle importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

É imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais. Estes métodos deben partir da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver.
A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas.
Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. As características fundamentais da metodoloxía son:
- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.

A aprendizaxe debe ir ligada aos centros de interese do alumnado e empregando recursos e actividades atractivas para o seu rango de idade, , adaptada aos distintos tipos e ritmos de aprendizaxe. Deseñaranse as unidades ou proxectos de traballo para ser utilizados con flexibilidade, de modo que todo o alumnado poida participar e atope actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día.
Intentarase dar apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran. Para emendar estas posibles situacións proporanse actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como reforzo ( axuda na tarefa, máis tempo...), para os que poidan estancarse nalgún momento.
A incorporación das TIC na aula proporcionan recursos materiales que ofrecen ao profesor a posibilidade de deseñar as clases de forma personalizada e axustadas ás necesidades de cada momento. Deste xeito, poderemos recurrir a elas tamén en caso de confinamento (Tratarase de entrenar ao alumnado dende o principio do curso en todos estes recursos dixitais que se podrían utilizar )
Estes recursos Tic servirán como medio preferente para a actividade lectiva non presencial, tratando de darlles un uso motivador, práctico e racional, sempre adaptado á idade do alumnado é ás súas características personais.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
| --- |
| MATERIAIS E RECURSOS |

Espacios físicos:
- Aula ordinaria
- Aula de inglés
- Outros espazos amplos do centro: xardín, patio, salón de actos, ...

Recursos:
- Tics: Ordenador e canón, pantaia dixital interactiva, tablet...
- Imaxes e láminas diversas.
- Materiais audiovisuais variados.
- Realia e materiais auténticos aportados por mestres, alumnado e familias...
- Materiais do alumno: Block, regra, escuadro, cartabón, compás, tesoiras, pegamento, lápis, rotuladores, pinturas, ...
- Materiais artísticos diversos de uso común.

En caso de actividade lectiva non presencial utilizaremos ademáis:
. Aula virtual (para videos explicativos, presentación de actividades e tarefas...)
. Páxina web do centro

. Abalar
. Correo electrónico

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisaremos os informes individualizados do noso alumnado por se houbese información de especial interese que poida incidir no proceso ensinanza-aprendizaxe.
Realizarase unhas actividades a modo de avaliación inicial e a través da cal poidamos establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o.
Esta consistirá na realización dun debuxo onde se observará e valorará o avance e progreso dende o curso pasado: utilización do espazo, perspectiva, tamaño do debuxo, emprego de cores e tipo de trazo.... Además realizarán unha portada para o caderno de plástica que decorarán de xeito creativ

Dita avaliación irá encamiñada a determinar o grao de dominio dos contidos/competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica as necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas.
Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **20** | **50** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

A avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución. Realizarase por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

Os traballos presentados deberán entregarse con puntualidade e respectar unhas normas de presentación, coidado e uso de materiais e actitude no traballo.
Terase en conta a creatividade, orixinalidade e esforzo así como a adecuación aos contidos e esixencias de cada actividade.
O alumnado deberá traer á clase aquel material que se lle pida para cada actividade concreta.

Dado que estamos ante unha materia CLIL, na evaluación valorarase positivamente o manexo do vocabulario específico, neste caso en inglés, e a utilización da lingua estranxeira nas interacións orais coa auxiliar de conversa e coa mestra.

A avaliación realizarase por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:
-1º trim UD1, 2 e 5
-2º trim UD 1, 3 , 4 e 5
-3o trim UD 1,3 e 5

A nota da avaliación final será á do 3º trimestre.

**Criterios de recuperación:**

Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería, tamén, recuperala.

-Recuperación de avaliación
Cada avaliación e dado que a avaliación é continua, recupérarase na seguinte.

-Recuperación da materia
No caso de ter suspensa a materia do curso, se aprobase a do seguinte curso, quedaríalle aprobada esa materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.
Por esta razón, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxectivos propostos. As adaptacións se centrarán en:
1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis individualizada
3. Reforzo das técnicas de aprendizaxe
4. Mellora dos procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adaptadas

Para abarcar esta ampla diversidade ofreceremos para os alumnos máis capaces ou receptivos actividades de extensión, para o alumnado con dificultades actividades de reforzo, para os alumnos con necesidades específicas de aprendizaxe adoptaránse tanto medidas de escolarización como de atención:
- Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodoloxicas.
- Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais.
- Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo adoptaránse as medidas de reforzo necesarias para facilitar súa integración escolar e a recuperación da seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento en seus estudos.

O contacto continuado e coordinación co resto do equipo de profesores do alumnado con necesidades, en especial cos seus titores, e tamén coas familias, axudarannos na labor de mellor coñecer e tratar as necesidades do alumnado
Ademáis, coa fin de promover a colaboración entre o alumnado, para favorecer as necesidades de socialización, axuda entre iguais, reforzo positivo..., incluiranse tarefas en parellas e de grupo.
Prestaráse na avaliación inicial especial atención ao alumnado con dificultades ou necesidades educativas especiais para adaptar contidos, recursos e metodoloxía ás suas necesidades e compensar carencias.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Sen prexuízo do seu tratamento específico da expresión plástica, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, e o emprendemento traballaranse ao longo do curso nos distintos temas e proxectos didácticos así como através de distintas prácticas metodolóxicas relacionadas coa organización e xestión da aula, os recursos empregados...
Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia.
Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
Potenciarase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Obliteration Room | Instalación artistica colaborativa no corredor do centro que imita á realizada pola Tate Gallery. | | | |
| Pumpkins | Exposición de cabazas inspiradas nas da artista Yayoi Kusama. | | | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Easter Egg Exhibition | Coincidindo coa Semana Santa, realizarase unha exhibición de Ovos de Pascua decorados libremente na casa. Realizarase un video explicativo, en inglés, animando á participación de todo o alumnado do centro. | | | |

**Observacións:**

Este curso voltaremos á celebrar de xeito presencial festas populares (magosto, nadal, entroido, samaín, . . .) e efemérides nas que colaboraremos con traballos plásticos. Non deixaremos de traballar coas novas tecnoloxías, a través da web do centro ou da aula virtual de 4º en todas as iniciativas que se poidan propor polos equipos de Plurilingïsmo, equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

En canto as tarefas extraescolares do alumnado, estas serán deseñadas pola profesora de tal xeito que supoñan un reforzo dos contidos e competencias traballados na aula. Ditas tarefas serán axustadas á idade do alumnado e as súas necesidades individuais. Fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Estamos abertos a participar en aquelas actividades, no centro ou fora do centro, que consideremos interesantes para o noso alumnado ofertadas tanto polo Concello, Universidades, Fundacións, Museos ou outras entidades.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Enquisa trimestral ao alumnado sobre a da práctica docente |
| Adecuación da programación ás necesidades do alumnado. |
| Adecuada temporalización dos contidos |
| Máis do 80% do alumnado acadou os obxectivos da área |
| Efectividade das medidas de atención á diversidade |
| Participación activa de todo o alumnado |

**Descrición:**

Farase unha revisión da PD na memoria final de curso na que se incluirán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflictindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisión trimestral da programaión na que se terán en conta os seguintes puntos:
1.Grao de cumprimento da PD.
2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:
-Explicacións individualizadas das tarefas a realizar.
-Elaboración de actividades atendendo ás dificultades atopadas
-Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados para evit

En función do anterior realizarase unha revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación destes datos quedarán recollidos na memoria final de curso.

## 9. Outros apartados